



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

BANDO

D. ENRIQUE CABALEIRO GONZÁLEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE TUI,

FAI SABER: Que con data 27-01-2021, ditouse por parte da alcaldía a seguinte resolución:

“Asunto: Suspensión da celebración do mercadillo semanal dos xoves.

VISTA a situación xerada pola evolución do coronavirus COVID-19 en toda Galicia e tamén no Concello de Tui e tendo en conta as instrucións sanitarias de cara a adopción de medidas preventivas polas administracións por mor dunha necesidade de saúde pública.

VISTO o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

VISTA a Orde do 26 de xaneiro de 2021, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 16, bis, de data 26-01-2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Dado que, de conformidade a esta Orde toda a Comunidade pasará ao nivel de restrición máximo cun conxunto de medidas reforzadas dende as 00,00 horas do día 27 de xaneiro de 2021 ata o 17 de febreiro de 2021.

Considerando que, como se recolle na Orde do 26/01/2021 citada, “... *as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.*”

Tendo en conta ó anteriormente exposto, e en atención á evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e no Concello de Tui,

RESOLVO: Suspende a celebración do mercadillo semanal que se celebra na nosa Cidade os xoves e ata que a situación sanitaria o permita.

Esta medida será obxecto de seguimento e avaliación continua aos efectos, no seu caso, da súa modificación e levantamento”

O que se informa en Tui, na data que consta na sinatura dixital

O ALCALDE

Enrique Cabaleiro González



Cod. Validación: 5FSDRQTMXSSWQ9954ZYD5RQN | Corrección: https://concello.tui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1